

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS BOLSAS DE FORMACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANTECEDENTES

1 O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) convoca as bolsas de formación para o ano 2021 por Resolución do 8 de xuño de 2021 (DOG núm. 115, do 18 de xuño de 2021).

2 O director xeral do IGVS nomea os membros da comisión de valoración o 17-09-2021.

3 O 20-09-2021 publícase na páxina web do IGVS as puntuacións provisionais das persoas que solicitaron a bolsa.

4 O 06-10-2021 publícase na páxina web do IGVS as puntuacións definitivas tras resolver as alegacións que presentaron os candidatos/as á puntuación provisional.

5 Consonte ao punto sexto do resolvo décimo terceiro a Comisión de valoración realizou as entrevistas ás persoas solicitantes das bolsas os días 7 e o 13 de outubro de 2021.

6 A Comisión de valoración aproba o informe de puntuación das entrevistas o 14-10-2021.

7 O día 15-10-2021 o director xeral dita a resolución de concesión das dez bolsas e aproba a prelación de candidatos/as consonte a orde de puntuación acadada aos efectos do disposto no resolvo décimo terceiro.

8 O 28-10-21 o director xeral dita a resolución de concesión de dúas bolsas que quedaron vacantes por renuncia.

9 O 14/03/2022 presenta a súa renuncia Manuel Vázquez Fariña.

10 Cubrirase esta vacante coa persoa candidata seguindo a orde de prelación. A seguinte candidata, Tania García Tubío, renuncia a bolsa.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O punto sete do resolvo décimo terceiro da Resolución do 8 de xuño establece que o órgano instrutor, á vista das puntuacións do seu propio informe e do da comisión, elevará unha proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Segundo dispón o resolvo décimo da antedita resolución, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Se algunha das persoas propostas non aceptase a bolsa ou, posteriormente renuncia a ela, concederase a bolsa o/a seguinte candidato/a, segundo a orde de puntuación resultante do indicado no punto décimo terceiro da resolución.

As persoas beneficiaria deberá incorporarse o primeiro día hábil do mes de abril.

De acordo co indicado, PROPOÑO:

1 Conceder a bolsa que queda vacante por renuncia ao seguinte candidato seguindo a orde de puntuación aprobada na titulación de Arquitectura ou Estudos de Arquitectura con máster habilitante:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN TOTAL
SANTIAGO TARRIO GOY	15,1661

Santiago de Compostela,
O director técnico de Solo, Edificación e Calidade
Ricardo Valencia Hentschel





De conformidade coa anterior, RESOLVO:

1 Aprobar a proposta nos termos nela establecidos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,
O director xeral do IGVS Heriberto García Porto
Heriberto García Porto

